

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE A VEIGA
NO QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA A REFORMA DO CENTRO DE SAÚDE DE A VEIGA**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou, o día 31 de outubro de 2024, co concello de A Veiga o instrumento convencional arriba referido, que entrou en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 29 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto, establecer as bases da colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de A Veiga para o financiamento das obras de reforma do centro de saúde de A Veiga, propiedade do concello.

Segundo se detalla na memoria valorada achegada polo concello, as obras de reforma consistirán na instalación dun equipo de climatización no centro de saúde.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

O artigo 1 do Decreto 144/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, determina que esta é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control da execución da política da Xunta de Galicia en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como do exercicio das competencias da Xunta de Galicia para asegurar á cidadanía o dereito á protección da saúde.

Así mesmo, o artigo 1 do Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, determina que este é o organismo autónomo de natureza administrativa adscrito á Consellería de Sanidade, configurado para o axeitado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

Os convenios entre administracións públicas constitúen o elemento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establece o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo.

Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións públicas

mediante fórmulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos que, neste caso, se concreta no presente convenio de colaboración.

A fin de dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da poboación, mediante actuacións que permitan mellorar as dotacións e infraestruturas adicadas á atención asistencial á cidadanía no concello, faise necesario acometer unha serie de obras de reforma no centro de saúde de A Veiga.

Tal e como se pon de manifesto na memoria valorada achegada polo concello, o centro de saúde de A Veiga require dunha serie de actuacións para o acondicionamento e mellora das súas instalacións que se foron deteriorando co paso do tempo, as cales concrétanse na instalación dun equipo de aire acondicionado no edificio. Así, a memoria valorada aportada polo concello reflicte que *"En el edificio no se dispuso instalación de climatización y en la actualidad cuenta con termoacumuladores eléctricos para la calefacción del espacio interior. El suelo situado sobre las zonas de estacionamiento de la planta inferior carece de aislamiento térmico y el de la cubierta resulta escaso para asegurar unas adecuadas condiciones de la envolvente térmica. Todo ello, junto con el gran volumen del interior y al uso continuo que se hace del edificio tiene como consecuencia un gasto energético elevado, además de que en los meses de verano carece de una instalación que permita refrigerar el interior del edificio con el fin de lograr un adecuado confort térmico. Por todo ello se hace precisa una instalación de aire acondicionado que permita el uso del edificio en unas adecuadas condiciones de confort para sus usuarios, tanto en los meses de verano como en los de invierno."*

O *Servizo Galego de Saúde* considera que o concello é a entidade idónea para a percepción desta axuda de carácter singular e excepcional por razóns de interese público, non sendo posible promover a concorrència pública. O interese público, social e humanitario das actividades obxecto do convenio que se pretende asinar, e o seu carácter singular inherente á propia existencia da necesidade de atención sanitaria á poboación do concello, xustifican a non procedencia da realización de convocatoria pública

O interese público de colaboración no desenvolvemento da presente actuación radica en dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da poboación, mediante actuacións que permitan mellorar as dotacións e infraestruturas adicadas á atención asistencial á cidadanía no concello.

Conscientes da dita necesidade, as partes intervinientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado. Por iso, e a fin de levar adiante as citadas obras de reforma, é necesario a concorrència de vontades de ambas as dúas partes interesadas, polo que é preciso determinar o contido da dita colaboración

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e

2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

